

2018/2019

PROGRAMACIÓN DE RELIXIÓN  
CATÓLICA  
EDUCACIÓN INFANTIL  
CEIP A MAÍA

# Programación 4<sup>o</sup> de Educación Infantil

# ÍNDICE

1. <b>OBXECTIVOS XERAIS</b> .....	3
1º TRIMESTRE.....	3
COMPETENCIAS.....	3
<i>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</i> .....	3
OBXECTIVOS.....	5
CONTIDOS .....	5
ENSINANZAS TRANSVERSAIS.....	6
2º TRIMESTRE:.....	7
COMPETENCIAS.....	7
OBXECTIVOS.....	9
CONTIDOS .....	9
ENSINANZAS TRANSVERSAIS .....	10
ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN .....	11
3º TRIMESTRE:.....	11
COMPETENCIAS .....	11
OBXECTIVOS .....	13
CONTIDOS.....	13
ENSINANZAS TRANSVERSAIS .....	15
ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN.....	15
FOMENTO DAS TIC .....	15
MATERIAIS CURRICULARES .....	15
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA .....	16

## **1. OBXECTIVOS XERAIS:**

- *Descubrir e coñece-lo propio corpo, regalo de Deus, promovendo o desenvolvemento das súas posibilidades.*
- *Observar as manifestacións do entorno familiar e social que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade relixiosa á que pertence.*
- *Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que lle permitan ó neno promover valores e actitudes básicas de respecto, confianza e ledicia.*
- *Expresar e celebra-las tradicións, festas máis importantes, exercitando as súas habilidades motrices, para relacionarse cos demais e acceder á oración, cantos e o sentido das festas relixiosas.*
- *Favorecer actividades que promovan a participación, cooperación e xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade.*
- *Descubrir que os cristiáns lle chaman Creador de tódalas cousas a Deus Pai, que nos quere e perdoo sempre.*
- *Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e nos quere.*
- *Descubrir que María é a nai de Xesús e tamén de tódolos cristiáns, que forman unha gran familia.*
- *Respecta-las cousas e persoas do seu entorno, coidalas e preocuparse por elas, como Xesús fixo e ensínanos a facer.*

## **1º TRIMESTRE**

### **Competencias**

#### **Comunicación lingüística**

- *Relatar vivencias persoais.*
- *Comprender relatos próximos á súa experiencia persoal.*

- Comprender o contido dun relato bíblico contado.
- Comprender a información visual de escenas ilustradas sobre a vida de Xesús.
- Memorizar e recitar poesías, oracións e cancións de contido relixioso en lingua propia.
- Ter unha actitude favorable cara á expresión das propias emocións.
- Utilizar o diálogo para a resolución de conflitos.
- *Coñecemento e a interacción co mundo que o rodea*
- Utilizar o diálogo para a resolución de conflitos.
- Situarse no tempo respecto aos días festivos e ao ciclo litúrxico.
- Adquirir hábitos preventivos de saúde para coidar o corpo, agasallo de Deus.
- *Social e cidadá*
- Aceptar as normas que rexen os xogos.
- Aprender a mellorar a súa relación persoal cos seus iguais.
- Participar na vida familiar e escolar con actitudes de dispoñibilidade e colaboración.
- *Cultural e artística*
- Utilizar o propio corpo como un elemento expresivo máis na súa apertura á transcendencia.
- Mostrar interese por coñecer tradicións relixiosas.
- Interpretar unha canción de contido relixioso e unha panxoliña.
- Apreciar o valor cultural da literatura a través da escoita e a comprensión de relatos bíblicos.
- Recitar unha poesía de contido relixioso.
- *Aprender a aprender*
- Valorar as propias capacidades intelectuais, emocionais e físicas, como agasallo de Deus.
- Relacionar informacións novas con coñecementos previos e coa propia experiencia persoal para abrirse á transcendencia.
- *Autonomía e iniciativa persoal*
- Coñecer e valorar o seu propio corpo e as súas posibilidades, como agasallo de Deus.

- Adquirir habilidades para o diálogo e a cooperación.

### **Obxectivos**

- Amosar unha actitude de respecto e alegría cos demais.
- Aprender fórmulas cristiás para o saúdo.
- Amosar alegría por crecer e por ser responsable da propia alimentación.
- Agradecer os cuidados das persoas que o queren.
- Valorar a familia como fonte de aprendizaxe.
- Aprender a xogar cos compañeiros segundo o modelo cristián.
- Resolver situacións conflitivas mediante o diálogo.
- Adquirir actitudes cristiás nas súas relacións familiares e sociais.
- Saber que co seu corpo, regalo de Deus, pode expresar e transmitir alegría.
- Comprender e memorizar algunhas oracións.
- Aprender vocabulario sinxelo do ámbito relixioso.
- Descubrir a *Biblia*, libro santo dos cristiáns.
- Coñecer feitos referentes á vida de Xesús.
- Participar con alegría no canto de panxolinas.
- Participar en traballos manuais para regalar aos demais.

### **Contidos**

- A familia: os seus cuidados e ensinanzas.
- O corpo, regalo de Deus: a expresión de cariño.
- Os alimentos como medio que Deus pon ao noso alcance para conservar a saúde.
- A oración como diálogo espontáneo con Deus.
- O símbolo cristián: xuntar as mans durante a oración.
- A *Biblia*, o libro santo dos cristiáns.
- Feitos da vida de Xesús: nacemento, o anuncio aos pastores, a adoración dos Reis Magos.
- O canto como expresión de loanza e alegría.

- A festa e a mensaxe do Nadal.
- Expresión de alegría por asistir á escola.
- Utilización de fórmulas cristiás para o saúdo.
- Expresión do agradecemento coas persoas que coidan deles e os queren.
- Realización de traballos manuais para regalar aos demais.
- Resolución de situacións conflitivas mediante o diálogo.
- Demostración de afecto aos demais en xestos concretos: bicar, abrazar...
- Manifestacións do amor cristián: compartir sentimentos e experiencias.
- Memorización e recitación de oracións sinxelas.
- Comprensión de textos importantes que se refiren a Xesús.
- Participación no canto de panxoliñas.
- Gratitude polos coidados e aprendizaxes proporcionadas pola familia.
- Interese por adquirir hábitos saudables relacionados co coidado do propio corpo, regalo de Deus.
- Alegría por medrar e ser responsable da propia alimentación.
- Satisfacción por compartir os xoguetes.
- Valoración do feito de querer e ser querido polos demais.
- Actitude de respecto e cariño coas persoas do contorno social e familiar.
- Actitude cristiá de compañeirismo e reconciliación en situacións conflitivas.
- Interese por aprender feitos relacionados coa vida de Xesús.

### ***Ensinanzas transversais***

- Educación moral e cívica: Interese por establecer relacións afectivas cos demais. Participación nas actividades do grupo.
- *Educación para a paz: Importancia do diálogo e a escoita como medio para solucionar conflitos.*
- Educación para a saúde: Coñemento do propio corpo e adquisición dos hábitos básicos de hixiene e saúde para o seu coidado.
- Educación sexual: Manifestación de sentimentos que favorezan a amizade e a tenrura.

## **Actividades de avaliación**

- Nomear fórmulas cristiás para o saúdo: *¡Bo día!, ¡Bo día nos dea Deus!*
- Recordar os alimentos que comían cando eran máis pequenos. Explicar quen lles daba eses alimentos. Recitar: *Grazas pola comida de cada día.*
- Nomear algunhas das necesidades que ten o noso corpo.
- Debuxar os membros da familia que coidan deles.
- Explicar que actividades cotiás lles aprenden os seus na casa.
- Comentar como se debe xogar cos compañeiros para seguir o modelo cristián.
- Explicar como resolvería un conflito cun compañeiro.
- Debuxar as partes do corpo que se utilizan para expresar cariño e amor aos seres queridos.
- Recordar como se deben colocar as mans para realizar unha oración.
- Recitar oracións
- Explicar a historia da Virxe María e o Neno Xesús.
- Nomear os diferentes coidados que teñen con eles as persoas que os queren.
- Recordar a historia dos pastoriños que chegan a Belén.
- Cantar panxoliñas.
- Explicar que é o que se celebra en Nadal.

## **2º TRIMESTRE:**

### ***Competencias***

#### **Comunicación lingüística**

- Relatar vivencias persoais.
- Comprender relatos próximas á súa experiencia persoal.
- Expresar de forma clara e coherente feitos da vida de Xesús.
- Comprender o contido de relatos bíblicos contados.



- Comprender a información visual de escenas ilustradas sobre a vida de Xesús.
- Memorizar e recitar poesías e oracións en lingua propia.
- Ter unha actitude favorable á expresión das propias emocións.
- Utilizar o diálogo para a resolución de conflitos.
- Achegarse á linguaxe simbólica relixiosa propia da súa idade.

### **Matemática**

- Utilizar cuantificadores temporais no referente á vida dos cristiáns.

### **Interacción co mundo que o rodea**

- Situar no tempo respecto aos días festivos e ao ciclo litúrxico.
- Valorar, coidar e admirar a natureza como creación de Deus.
- Adquirir hábitos de saúde para coidar o corpo, agasallo de Deus.

### **Social e cidadá**

- Aprender a mellorar a súa relación persoal cos seus iguais.
- Desenvolver a iniciativa persoal polo ben.
- Expresar as propias ideas e escoitar as alleas.
- Achegarse ao valor do perdón e da fraternidade universal como expresión do amor de Deus.

### **Cultural e artística**

- Comprender e representar imaxes con distintos materiais plásticos.
- Recitar unha poesía.
- Apreciar o valor cultural da literatura a través da escoita e da comprensión de relatos bíblicos.

### **Aprender a aprender**

- Adquirir hábitos de saúde para coidar o corpo, agasallo de Deus.
- Relacionar informacións novas con coñecementos previos e coa propia experiencia persoal para abrirse á transcendencia.
- Ilusionarse por ir descubrindo a mensaxe de Xesús.

## **Autonomía e iniciativa persoal**

- Coñecer e valorar o seu propio corpo e as súas posibilidades, como agasallo de Deus.
- Elixir as actitudes e os valores evanxélicos fronte as situacións conflitivas.

## **Obxectivos**

- Valorar os regalos recibidos no Nadal.
- Adquirir actitudes cristiás no seu comportamento social: o feito de compartir.
- Valorar a saúde como regalo de Deus.
- Agradecer os cuidados que se reciben.
- Descubrir que os cristiáns chaman Creador de todas as cousas a Deus Pai.
- Respetar e admirar a natureza.
- Coñecer o relato bíblico da Creación.
- Amosar satisfacción e gratitude pola Creación, regalo de Deus.
- Colaborar para manter fermoso o mundo que Deus nos deu.
- Desenvolver actitudes de respecto polo contorno.
- Coñecer que Xesús nos ensinou a ser bos amigos.
- Adquirir actitudes cristiás de reconciliación no seu comportamento social.
- Coñecer que Xesús é amigo de todos e nos quere.
- Sentirse invitado a ser amigo/a de Xesús.
- Coñecer o relato evanxélico da ovella perdida.
- Saber que Xesús é o noso bo pastor e nos quere.
- Vivir con ilusión as festas cristiás.
- Observar elementos cristiás do contorno social, sentíndose membro da comunidade relixiosa.
- Iniciarse no significado de símbolos relixiosos.

## **Contidos**

- Deus Pai, o Creador de todas as cousas.
- Medios que Deus ofrece para recuperar a saúde: as atencións da familia e dos amigos.

- As persoas, regalo de Deus Pai Creador.
- mundo, regalo de Deus que debemos coidar.
- Xesús, amigo de todos e todas.
- A parábola da ovella perdida.
- Festas cristiás: a Pascua.
- Símbolos cristiáns: a luz.
- Expresións do amor cristián: compartir bens.
- Expresión do agradecemento ás persoas que os queren e coidan deles.
- Resolución de conflitos mediante o diálogo e a reconciliación.
- Manifestación do amor cristián en xestos concretos: o abrazo de amigos.
- escoita e comprensión do relato bíblico da Creación.
- Manifestacións de gratitude a Deus polo regalo da Creación.
- Discriminación de accións construtivas e destrutivas do contorno.
- Comprensión de relatos bíblicos: Xesús e os nenos, a ovella perdida.
- Realización de traballos manuais para lles regalar aos demais.
- Celebración da Pascua cos compañeiros da clase.
- Participación no canto como expresión de fe e oración.
- Gratitude polos regalos recibidos en Nadal.
- Agradecemento ás persoas que nos queren e coidan de nós.
- Admiración e gratitude a Deus por todos os elementos da Creación.
- Actitudes de coidado, respecto e conservación do contorno.
- Interese por aprender feitos da vida de Xesús.
- Alegría por poder formar parte dos amigos de Xesús.
- Alegría por convivir e criarse cos outros nenos e nenas.
- Ilusión por celebrar as festas cristiás.

### **Ensinanzas transversais**

- Educación para a paz: Análise de posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: xestos para a reconciliación.

- Educación para a saúde: Valoración da saúde como agasallo de Deus.
- Educación para a igualdade entre os sexos: Valoración da persoa, home e muller, como o ser máis importante da Creación.
- Educación ambiental: Interese por respectar a natureza e todas as obras da Creación, agasallo de Deus ao home e á muller. Actitude de colaboración para respectar, manter e mellorar o medio natural.

### **Actividades de avaliación**

- Debuxar o regalo que recibiron no Nadal.
- Explicar con quen celebraron o Nadal.
- Recordar e explicar quen coida deles e como o fai cando están enfermos.
- Explicar por que é importante a chuvia que manda Deus á terra.
- Recordar o relato da Creación.
- Explicar quen creou as persoas.
- Nomear as diferentes accións que podemos facer para coidar a natureza, regalo de Deus.
- Explicar as accións que se deben realizar para ser bos amigos cos seus compañeiros de clase.
- Recordar que accións fixo Xesús cos seus amigos e que nós podemos facer cos nosos.
- Recordar a parábola da ovella perdida e explicar que significa.
- Explicar que se celebra en Pascua e con que elementos recordamos a Xesús (cirios, palmas e ramo de oliveira).

### ***3º TRIMESTRE:***

#### **Competencias**

##### **Comunicación lingüística**

- Relatar vivencias persoais.
- Comprender relatos próximas á súa experiencia persoal.
- Expresar de forma clara e coherente feitos da vida de María e da vida dos cristiáns.

- Comprender o contido dun relato bíblico contado.
- Comprender a información visual de escenas ilustradas sobre a vida de María e a dos cristiáns.
- Recitar oracións en lingua propia.
- Ter unha actitude favorable á expresión das propias emocións.

### **Matemática**

- Utilizar cuantificadores espaciais no referente á vida das cristiáns.

### **Coñecemento e a interacción co mundo que o rodea**

- Situarse no tempo respecto aos días festivos.
- Identificar elementos relixiosos da contorna inmediata.
- Valorar, coidar e admirar a natureza como creación de Deus.

### **Social e cidadá**

- Aprender a mellorar a súa relación persoal coas persoas adultas e cos seus iguais.
- Participar na vida familiar e escolar con actitudes de servizo e dispoñibilidade.
- Achegarse ao valor da fraternidade universal como expresión do amor de Deus.
- Desenvolver valores sociais de participación, solidariedade e cooperación.

### **Cultural e artística**

- Utilizar os materiais de forma creativa para as producións plásticas.
- Mostrar interese por coñecer tradicións relixiosas.
- Apreciar o valor cultural da literatura a través da escoita e da comprensión de relatos bíblicos.

### **Aprender a aprender**

- Utilizar a observación para descubrir elementos relixiosos da contorna.
- Asumir actitudes evanxélicas tomadas do testemuño da vida dos cristiáns.

## **Autonomía e iniciativa persoal**

- Iniciarse na formación dunha personalidade baseada en valores evanxélicos.

## ***Obxectivos***

- Respeitar as persoas do seu carón, coidalas e preocuparse por elas.
- Adquirir actitudes cristiás de alegría e de compartir no seu comportamento social.
- Sentirse invitado a ser amigo de Xesús.
- Recoñecer símbolos relixiosos: a igrexa.
- Recordar que os cristiáns chaman Creador de todas as cousas a Deus Pai.
- Utilizar os sentidos para percibir a fermosura da Creación.
- Amosar satisfacción por manter fermoso o regalo de Deus.
- Saber que o domingo é a festa dos amigos de Xesús que forman unha gran familia, a Igrexa.
- Coñecer que María é a nai de Xesús e de todos os cristiáns.
- Amosar interese por descubrir e coñecer a Virxe María.
- Coñecer feitos referidos á vida de Xesús.
- Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, a cooperación e a xenerosidade como medio de expresar o amor a Deus e a fraternidade.
- Amosar unha actitude de solidariedade coas persoas necesitadas.
- Coidar as persoas do seu carón, preocuparse por elas e axudalas, como Xesús fixo e nos ensinou a facer.
- Celebrar con ilusión a festa de final de curso.
- Expresar sentimentos de afecto aos mestres e compañeiros.

## ***Contidos***

- A familia e a igrexa, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá.

- A oración como medio para comunicarse con Xesús, amigo de todos e todas.
- A primavera, un regalo de Deus.
- O valor do domingo como festa do Señor.
- A igrexa, punto de encontro dos amigos de Xesús.
- María, nai de Xesús e de todos os cristiáns.
- Feitos referidos á vida de Xesús: a Anunciación, o nacemento e a infancia.
- Os dereitos de todas as persoas.
- O comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas de a carón.
- Participación nas actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais.
- A manifestación do amor cristián en xestos concretos: a atención aos nosos maiores e ás persoas necesitadas.
- Discriminación de accións construtivas e destrutivas co medio natural e social.
- Comprensión de textos importantes que se refiren a Xesús e María.
- Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha gran familia, a Igrexa.
- Memorización e recitación de oracións sinxelas.
- Realización de manualidades para regalar aos demais.
- Celebración da festa de final de curso cos compañeiros de clase.
- Gratidade a Deus polo regalo da natureza.
- Actitude de coidado e respecto pola natureza.
- Actitude de respecto e cariño polas persoas do medio social e familiar.
- Interese por coñecer feitos relacionados coa vida de Xesús e María.
- Alegría por formar parte dunha gran familia, a Igrexa.
- Satisfacción por compartir bens.
- Solidariedade coas persoas con dificultades.

### **Ensinanzas transversais**

- *Educación moral: Interese por comprender e valorar as características e calidades das persoas que o rodean, establecendo con elas relacións afectivas equilibradas e construtivas, e recoñecendo as súas diferenzas.*
- *Educación ambiental: Actitude de colaboración para respectar, manter e mellorar o medio natural.*
- *Educación do consumidor: Sensibilización diante dos colectivos que carecen das necesidades básicas e actitude de colaboración. Iniciación á capacidade de diferenciar que é imprescindible para vivir dignamente.*

### **Actividades de avaliación**

- Explicar como coidamos os nosos avós e que cousas podemos facer por eles.
- Nomear os elementos que podemos atopar nunha igrexa. Recordar o significado da igrexa (a igrexa é a casa de todos os amigos de Xesús).
- Explicar de que maneira podemos gozar da primavera, regalo de Deus.
- Explicar por que todos os domingos se reúnen as persoas na igrexa.
- Recordar o relato da Anunciación a María.
- Explicar cales son as necesidades que todos os nenos teñen. Dicar maneiras de poder axudalos.
- Debuxar as cousas que poden necesitar os nenos.
- Dramatizar accións que se poden realizar diariamente para que as persoas de a carón nosa se sintan ben.

### **FOMENTO DAS TIC**

*Escoita de cd audio de cancións.*

*Cd-Room interactivos (Historias de la Biblia, La Biblia para niños...)*

*Dvd (colección El evangelio para peques, La casita sobre la roca...)*

### **MATERIAIS CURRICULARES**

*Fichas elaboradas*

*Material fotocopiabile*



## ***MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA***

Debido ao carácter interrelacional do proceso de ensino-aprendizaxe, o profesor de Relixión Católica tamén deberá revisar continuamente a súa labor docente na medida que os resultados acadados non respondan ás previsións. A avaliación, polo tanto, afecta a todos os implicados no proceso educativo no cal se dan relacións humanas recíprocas que serán máis enriquecedoras na medida en que todos os suxeitos aporten o mellor de si mesmos.

O profesor avaliará os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos do currículo, e tamén en relación ás necesidades educativas do centro e ás características específicas dos alumnos/as.

Os resultados da avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as e do proceso de ensinanza, servirán para modificar aqueles aspectos da programación educativa que se detectaron como pouco axeitados ás características dos alumnos/as e ao contexto do centro.

Para levar a cabo o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica, así como o seu rendemento e a súa posterior revisión e adaptación caso de seren detectados desaxustes, a profesora de Relixión empregará as seguintes ferramentas e procedementos na medida que se revelen necesarios:

- Enquisas de autoavaliación do profesorado.
- Guías de análise
- Enquisas ao alumnado
- Reunións do departamento

<b>CUESTIÓNS</b>	<b>SI/NON</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>
Acadáronse os obxectivos previstos? En que porcentaxe?			
Fíxose algún cambio nos contidos?			
Variouse nalgún aspecto a metodoloxía?			
Axustouse ben ó tempo?			
Utilizamos todos os recursos previstos?			
Cales actividades e recursos deron mellor resultado?			
Efectuouse algunha modificación na avaliación?			
Estivo motivado e implicado o Alumnado en xeral?			
Cales foron os maiores intereses do alumnado?			
É aconsellable introducir algún cambio?			

<b>ASPECTOS</b>	<b>DESTACAMOS</b>	<b>A MELLORAR</b>	<b>PROPOSTAS</b>
Cumprimento da temporalización programada			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Consecución dos mínimos esixibles por parte do alumnado			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
<b>Recursos</b>			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas Ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

5º

de Educación

Infantil

**INDICE:**

OBXETIVOS XERAIS .....	4
1º TRIMESTRE .....	4
2º TRIMESTRE .....	8
3º TRIMESTRE .....	12
FOMENTO DAS TICS.....	16
MATERIAIS CURRICULARES.....	16
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN DA P.D EN FUNCIÓN DOS RESULTADO ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	16

## **RELIXIÓN CATÓLICA**

### **OBXECTIVOS XERAIS:**

- Descubrir e coñece-lo propio corpo, regalo de Deus, promovendo o desenvolvemento das súas posibilidades.
- Observar as manifestacións do entorno familiar e social que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade relixiosa á que pertence.
- Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que lle permitan ó neno promover valores e actitudes básicas de respecto, confianza e ledicia.
- Expresar e celebra-las tradicións, festas máis importantes, exercitando as súas habilidades motrices, para relacionarse cos demais e acceder á oración, cantos e o sentido das festas relixiosas.
- Favorecer actividades que promovan a participación, cooperación e xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade.
- Descubrir que os cristiáns lle chaman Creador de tódalas cousas a Deus Pai, que nos quere e perdoa sempre.
- Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e nos quere.
- Descubrir que María é a nai de Xesús e tamén de tódolos cristiáns, que forman unha gran familia.
- Respetar-las cousas e persoas do seu entorno, coidalas e preocuparse por elas, como Xesús fixo e ensínanos a facer.

### **1º TRIMESTRE:**

#### **Competencias**

##### ***Comunicación lingüística***

- Relatar vivencias persoais.
- Comprender relatos próximas á súa experiencia persoal.
- Describir obxectos e situacións do ámbito relixioso católico.
- Comprender a información visual de escenas ilustradas sobre a vida de Xesús e a dos cristiáns.

- Memorizar e recitar poesías, oracións e cancións de contido relixioso en lingua propia.
- Utilizar o diálogo para a resolución de conflitos.

### ***Competencia matemática***

- Utilizar cuantificadores temporais e espaciais no referente á vida dos cristiáns.
- Competencia no coñecemento e interacción co mundo que lle rodea
- Situar-se no tempo respecto aos días festivos e ao ciclo litúrxico.
- Adquirir hábitos preventivos de saúde para coidar o corpo, agasallo de Deus.

### ***Tratamento da información e competencia dixital***

- Mostrar interese e curiosidade pola linguaxe audiovisual e polas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Social e cidadá
- Aprender a mellorar a súa relación persoal coas persoas adultas e coas súas iguais.
- Participar na vida familiar e escolar con actitudes de servizo, dispoñibilidade e colaboración.
- Expresar as propias ideas en distintos contextos e escoitar as alleas, respectando o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio.
- Desenvolver valores sociais de participación, solidariedade e cooperación.

### ***Cultural e artística***

- Coñecer e valorar algúns exemplos da presenza do feito relixioso do seu contorna na súa expresión artística.
- Comprender e representar imaxes con distintos materiais plásticos.
- Utilizar o propio corpo como un elemento expresivo máis na súa apertura á transcendencia.
- Utilizar os materiais de forma creativa para as producións plásticas.
- Interpretar cancións e representacións dramáticas de contido relixioso.
- Expresar ideas e sentimentos cunha finalidade comunicativa, estética e creativa.

### ***Aprender a aprender***

- Valorar as propias capacidades intelectuais, emocionais e físicas, como agasallo de Deus.
- Participar de forma activa e responsable nos traballos de equipo.
- Relacionar informacións novos con coñecementos previos e coa propia experiencia persoal para abrirse á transcendencia.

### ***Autonomía e iniciativa persoal***

- Relatar vivencias persoais.
- Coñecérense e formarse desde dentro.
- Iniciarse na formación dunha personalidade baseada en valores evanxélicos.
- Elixir de forma autónoma as actitudes e os valores evanxélicos fronte as situacións conflitivas.
- Colaborar cos demais para a consecución de obxectivos comúns.
- Adquirir habilidades para o diálogo e a cooperación.

### **Obxectivos**

- Descubrir e coñecer o propio corpo, regalo de Deus, promovendo o desenvolvemento das súas posibilidades persoais.
- Amosar gratitude por crecer e adquirir novas habilidades.
- Amosar satisfacción por coidar o seu corpo, regalo de Deus, e ser responsable da propia hixiene.
- Adquirir actitudes relixiosas no seu comportamento social.
- Gozar coas relacións de amizade.
- Adquirir unha actitude de respecto polas persoas da súa contorna.
- Valorar a familia como lugar de aprendizaxe.
- Desenvolver actitudes cristiás na contorna familiar e social.
- Sentirse membro da comunidade á que pertence.
- Observar as manifestacións da contorna familiar e social que expresan a vivencia da fe católica.
- Coñecer as principais celebracións do calendario litúrxico: o Advento.



- Expresar e celebrar as tradicións cristiás exercitando as súas habilidades para relacionarse cos demais e acceder ao sentido das festas relixiosas.
- Descubrir a *Biblia*, libro santo dos cristiáns.
- Coñecer feitos relacionados coa vida de Xesús.
- Favorecer a realización de actividades que promovan a cooperación, a fraternidade e a xenerosidade como medio de expresar o amor a Deus.

### **Contidos**

- O corpo humano, obra de Deus.
- Imaxes e vocabulario relixiosos próximos ao neno.
- A familia, lugar de descubrimento da experiencia relixiosa e cristiá.
- A *Biblia*, o libro santo dos cristiáns.
- A oración como diálogo espontáneo con Deus.
- Feitos relacionados coa vida de Xesús: o nacemento e a adoración dos Reis Magos.
- Símbolos de tradición cristiá: a estrela de Nadal.
- O canto como expresión relixiosa de loanza, alegría e gratitude.
- A festa e a mensaxe do Nadal.
- Participación en xogos colectivos como medio para construír a relación cos demais.
- Manifestacións do amor cristián: saudar, axudar, compartir sentimentos e experiencias, agradecer as atencións das outras persoas.
- Discriminación de accións positivas e negativas na súa contorna social.
- Comprensión de textos importantes que se refiren a Xesús.
- Memorización e recitación de poemas e oracións sinxelas.
- Participación no canto de panxoliñas.
- Recoñecemento e participación nas principais tradicións cristiás: o Advento e o Nadal.
- Realización de traballos manuais para lles regalar aos demais.
- Gratitude a Deus pola vida e a posibilidade de crecer e aprender.

- Interese por adquirir hábitos saudables relacionados con coidado do propio corpo.
- Desenvolvemento progresivo do sentido crítico.
- O comportamento cos amigos e os compañeiros da escola.
- Interese e alegría por participar nas tradicións cristiás.
- Alegría por compartir experiencias e sentirse membro dunha comunidade.
- Satisfacción por aprender feitos relacionados coa vida de Xesús.

### **Ensinanzas transversais**

- Educación moral e cívica: Alegría por compartir experiencias e sentirse membro dunha comunidade.
- Educación para a paz: Comportamento amigable cos compañeiros da escola.
- Educación para a saúde: Interese por adquirir hábitos saudables relacionados co coidado do propio corpo.

### **Actividades de avaliación**

- Dicar que cousas poden facerse cando se medra.
- Nomear dous elementos necesarios para asearse.
- Dicar unha acción coa que se coida o aspecto persoal.
- Explicar unha maneira de axudar a un amigo que está triste.
- Explicar que sucede cando se é amable con alguén.
- Nomear dúas festas que se celebran no barrio.
- Explicar o significado da palabra *Advento*.
- Nomear unha actividade coa que se celebra o Nadal.
- Explicar a Adoración dos Reis Magos.

## **2º TRIMESTRE**

### **Competencias**

#### ***Comunicación lingüística***

- Expresar de forma clara e coherente feitos da vida de Xesús e da vida dos cristiáns.
- Comprender o contido dun relato bíblico contado.

- Comprender a información visual de escenas ilustradas sobre a vida de Xesús e a dos cristiáns.
- Memorizar e recitar poesías, oracións e cancións de contido relixioso en lingua propia.
- Achegarse ás linguaxes bíblico, litúrxico e testemuñal propios da Relixión Católica.
- Ter unha actitude favorable á expresión das propias emocións.
- Interpretar a mensaxe de palabras e feitos de Xesús.
- Achegarse á linguaxe simbólica relixioso propio da súa idade.

#### ***Competencia no coñecemento e interacción co mundo que o rodea***

- Valorar, coidar e admirar a natureza como creación de Deus.
- Adquirir hábitos preventivos de saúde para coidar o corpo, agasallo de Deus.
- Fomentar o uso responsable dos recursos naturais, o coidado do medio ambiente, o consumo racional e a protección da saúde individual e colectiva.

#### ***Tratamento da información e competencia dixital***

- Mostrar interese e curiosidade pola linguaxe audiovisual e polas tecnoloxías da información e a comunicación.

#### ***Social e cidadá***

- Desenvolver a iniciativa persoal polo ben e a verdade.
- Expresar as propias ideas en distintos contextos e escoitar as alleas, respectando o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio.

#### ***Cultural e artística***

- Comprender e representar imaxes con distintos materiais plásticos.
- Mostrar interese por coñecer tradicións relixiosas.
- Utilizar os materiais de forma creativa para as producións plásticas.
- Interpretar cancións e representacións dramáticas de contido relixioso.
- Apreciar o valor cultural da literatura a través da escoita, a comprensión e a dramatización de relatos bíblicos.

#### ***Aprender a aprender***

- Continuar aprendendo, de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

- Valorar as propias capacidades intelectuais, emocionais e físicas, como agasallo de Deus.
- Adquirir un sentimento de competencia persoal que favoreza a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Relacionar informacións novos con coñecementos previos e coa propia experiencia persoal para abrirse á transcendencia.
- Ilusionarse por ir descubrindo a mensaxe de Xesús.

### ***Autonomía e iniciativa persoal***

- Coñecer e valorar o seu propio corpo e as súas posibilidades, como agasallo de Deus.
- Iniciarse na formación dunha personalidade baseada en valores evanxélicos.
- Colaborar cos demais para a consecución de obxectivos comúns.

### **Obxectivos**

- Valorar os regalos recibidos no Nadal.
- Adquirir actitudes cristiás no seu comportamento social: compartir.
- Valorar a saúde como regalo de Deus.
- Agradecer os coidados que se reciben.
- Percibir o propio corpo como regalo de Deus.
- Descubrir que os cristiáns chaman Creador de todas as cousas a Deus Pai.
- Amosar satisfacción e gratitude a Deus pola Creación.
- Colaborar para manter fermoso o mundo que Deus nos deu.
- Desenvolver actitudes construtivas coa contorna.
- Respectar as persoas da súa contorna, coidar e preocuparse por elas, como Xesús fixo e nos ensina a facer.
- Coñecer feitos referidos á vida de Xesús.
- Sentirse invitado a ser amigo/a de Xesús.
- Expresar e celebrar as tradicións cristiás, exercitando as primeiras habilidades motrices para acceder á oración, os cantos de loanza e o sentido das festas relixiosas.

## Contidos

- O corpo humano, regalo de Deus Creador.
- Medios que Deus ofrece para recuperar a saúde: as atencións da familia, os amigos e os doutores.
- A Creación, obra de Deus e regalo aos seus fillos.
- A natureza, un regalo de Deus que as persoas debemos gozar e coidar.
- Xesús, amigo de todos e todas.
- Pasaxes da vida de Xesús: os milagres de Xesús, a entrada triunfal en Xerusalén.
- Festas cristiás: a Pascua.
- Manifestación do amor cristián en xestos concretos: querer, compartir bens e experiencias, pedir perdón e perdoar.
- escoita e comprensión do relato bíblico da Creación.
- Discriminación de accións construtivas e destrutivas coa natureza.
- Participación nas actividades diarias como medio para construír as relacións cos demais, segundo o plano de Deus.
- Comprensión de pasaxes bíblicas sobre a vida de Xesús.
- Realización de traballos manuais para lles regalar aos demais.
- Participación no canto como expresión de fe.
- Memorización e recitación de oracións sinxelas.
- Satisfacción e gratitude polos regalos recibidos no Nadal.
- Gratitude ás persoas que nos queren e coidan de nós.
- Admiración e gratitude pola Creación, obra de Deus e regalo aos seus fillos.
- Actitudes de coidado, respecto e compromiso coa contorna.
- Alegría por convivir e medrar xunto aos outros nenos e nenas.
- Interese por aprender feitos referidos á vida de Xesús.
- Alegría por sentirse invitado a ser amigo de Xesús.
- Interese por coñecer e participar nas festas cristiás: a Pascua.

## **Ensinanzas transversais**

- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos:
- Educación para a saúde: Gratitude cara ás persoas que nos queren e coidan.
- Educación ambiental: Admiración e gratitude pola Creación, obra de Deus e agasallo aos seus fillos.
- Educación do consumidor: Valoración dos regalos recibidos no Nadal.

## **Actividades de avaliación**

- Nomear dous medios que Deus ofrece para recuperar a saúde.
- Explicar unha actividade que se realiza coa familia.
- Nomear dous elementos que sexan regalo de Deus.
- Inventar e recitar unha oración de gratitude a Deus polas cousas que creou.
- Explicar por que se debe respectar e coidar a natureza.
- Dicir como se pode respectar as persoas da contorna.
- Explicar o significado de *amar*.
- Explicar un milagre de Xesús.
- Explicar que se celebra na festa da Pascua.

## **3º TRIMESTRE:**

### **Competencias básicas**

#### ***Comunicación lingüística***

- Relatar vivencias persoais.
- Comprender relatos próximos á súa experiencia persoal.
- Expresar de forma clara e coherente feitos da vida dos cristiáns.
- Describir obxectos e situacións do ámbito relixioso católico.
- Comprender o contido dun relato bíblico contado.
- Achegarse ás linguaxes bíblica, litúrxica e testemuñal propias da Relixión Católica.
- Ter unha actitude favorable á expresión das propias emocións.
- Achegarse á linguaxe simbólica relixioso propio da súa idade.

#### ***Competencia matemática***

- Utilizar cuantificadores temporais e espaciais no referente á vida dos cristiáns.

### ***Competencia no coñecemento e interacción co mundo que o rodea***

- Identificar elementos relixiosos da contorna inmediata.
- Identificar manifestacións culturais e artísticas propias da Relixión Católica.

### ***Tratamento da información e competencia dixital***

- Buscar, seleccionar, tratar e utilizar a información en distintos soportes e con varios fins.

### ***Social e cidadá***

- Aprender a mellorar a súa relación persoal coas persoas adultas e cos seus iguais.
- Participar na vida familiar e escolar con actitudes de servizo, dispoñibilidade e colaboración.
- Desenvolver a iniciativa persoal polo ben e a verdade.
- Expresar as propias ideas en distintos contextos e escoitar as alleas, respectando o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio.
- Desenvolver valores sociais de participación, solidariedade e cooperación.
- Achegarse ao valor do perdón, a fraternidade universal, a misericordia, a xustiza e o servizo como expresión do amor de Deus.

### ***Cultural e artística***

- Coñecer e valorar algúns exemplos da presenza do feito relixioso da súa contorna.
- Valorar diferentes manifestacións culturais da vida dos cristiáns.
- Mostrar interese por coñecer tradicións relixiosas.
- Coñecer e apreciar o feito relixioso como parte do patrimonio cultural dos pobos.
- Expresar ideas e sentimentos cunha finalidade comunicativa, estética e creativa.

### ***Aprender a aprender***

- Utilizar a observación para descubrir elementos relixiosos da contorna.
- Continuar aprendendo, de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

- Relacionar informacións novas con coñecementos previos e coa propia experiencia persoal para abrirse á transcendencia.
- Asumir actitudes evanxélicas tomadas do testemuño da vida dos cristiáns.

### ***Autonomía e iniciativa persoal***

- Coñecerse e formarse desde dentro.
- Iniciarse na formación dunha personalidade baseada en valores evanxélicos.
- Colaborar cos demais para a consecución de obxectivos comúns.

### **Obxectivos**

- Estimar e valorar os membros da propia familia, coidalos e compartir experiencias con eles.
- Manifestar alegría e gratitude por vivir e aprender no seo dunha familia.
- Sentirse invitado a ser amigo de Xesús.
- Recoñecer símbolos relixiosos: a igrexa.
- Coñecer que María é a nai de Xesús e de todos os cristiáns.
- Observar e participar nas manifestacións da contorna familiar e social que expresan a vivencia da fe católica.
- Valorar a natureza como un regalo de Deus que hai que saber coidar e gozar.
- Percibir a beleza da natureza e adquirir actitudes de coidado e respecto por ela.
- Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, a xenerosidade e a cooperación como medio de expresar o amor a Deus e a fraternidade.
- Amosar interese por coñecer feitos referidos á vida de Xesús.
- Coidar as persoas da súa contorna, preocuparse por elas e axudalas, como Xesús fixo e nos ensina a facer.
- Celebrar con ilusión a festa de final de curso.
- Expresar sentimentos de afecto aos mestres e compañeiros.



## Contidos

- A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá.
- O valor do domingo como festa do Señor.
- A igrexa, casa de todos os cristiáns.
- A natureza, obra e regalo de Deus que debemos coidar.
- A oración como medio para comunicarse con Deus.
- A Virxe María, nai de Xesús e nai nosa.
- Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.
- Pasaxes do Evanxeo: as vodas de Canáa.
- Participación nas actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais.
- Manifestación do amor cristián en xestos concretos: expresar o cariño aos membros da familia e aos amigos, compartir bens, perdoar.
- Colaboración no coidado da natureza, regalo de Deus.
- Recoñecemento de símbolos cristiáns: a igrexa, a imaxe da Virxe e o Neno Xesús, o domingo como festa do Señor.
- Comprensión de textos importantes que se refiren a Xesús e á Virxe María.
- Memorización e recitación de oracións sinxelas.
- Realización de manualidades para lles regalar aos demais.
- Celebración da festa de final de curso.
- Satisfacción por convivir coa familia, os compañeiros da escola e as persoas da contorna.
- Agradecemento polas aprendizaxes e coidados recibidos da familia e da escola.
- Valoración do feito de querer e ser querido polos demais.
- Actitude de coidado, colaboración e respecto pola natureza.
- Interese por coñecer feitos relacionados coa vida de Xesús e María.
- Alegría por formar parte dos amigos de Xesús.
- Satisfacción por sentirse invitado á casa do Señor, a igrexa.

## **Ensinanzas transversais**

- Educación moral e cívica: Actitude de compañeirismo e reconciliación en situacións conflitivas.
- Educación para a paz: Manifestación do amor cristián en xestos concretos: expresarlles o cariño aos membros da familia e aos amigos, compartir bens, perdoar.

## **Actividades de avaliación**

- Nomear un membro da familia e dicir como coida del.
- Explicar quen se reúne na igrexa e para que.
- Colocarse na postura adecuada e rezar unha oración de gratitude ás persoas que coidan del.
- Nomear un edificio relixioso e explicar que elementos se poden atopar no interior.
- Indicar unha maneira de gozar da natureza.
- Nomear algunhas accións que signifiquen compartir experiencias ou sentimentos.
- Explicar como se pode solucionar un conflito cun amigo ou persoa querida.

## **FOMENTO DAS TIC**

- Escoita de cd audio de cancións.
- Cd-Room interactivos (Historias de la Biblia, La Biblia para niños, La Biblia contada a los niños...)
- Dvd (colección El evangelio para peques, El arca de Noé, Una historia de Pascua, La casita sobre la roca...)

## **MATERIAIS CURRICULARES**

- Fichas elaboradas
- Material fotocopiabile

## **MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

Debido ao carácter interrelacional do proceso de ensino-aprendizaxe, o profesor de Relixión Católica tamén deberá revisar continuamente a súa labor docente na medida que os resultados acadados non respondan ás previsións. A avaliación, polo tanto, afecta a todos os implicados no proceso educativo no cal se dan relacións humanas recíprocas que serán máis enriquecedoras na medida en que todos os suxeitos aporten o mellor de si mesmos.

O profesor avaliará os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos do currículo, e tamén en relación ás necesidades educativas do centro e ás características específicas dos alumnos/as.

Os resultados da avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as e do proceso de ensinanza, servirán para modificar aqueles aspectos da programación educativa que se detectaron como pouco axeitados ás características dos alumnos/as e ao contexto do centro.

Para levar a cabo o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica, así como o seu rendemento e a súa posterior revisión e adaptación caso de seren detectados desaxustes, a profesora de Relixión empregará as seguintes ferramentas e procedementos na medida que se revelen necesarios:

- Enquisas de autoavaliación do profesorado.
- Guías de análise
- Enquisas ao alumnado
- Reunións do departamento

<b>CUESTIÓNS</b>	<b>SI/NON</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>
Acadáronse os obxectivos previstos? En que porcentaxe?			
Fíxose algún cambio nos contidos?			
Variouse nalgún aspecto a metodoloxía?			
Axustouse ben ó tempo?			
Utilizamos todos os recursos previstos?			
Cales actividades e recursos deron mellor resultado?			
Efectuouse algunha modificación na avaliación?			
Estivo motivado e implicado o alumnado en xeral?			
Cales foron os maiores intereses do alumnado?			
É aconsellable introducir algún cambio?			

<b>ASPECTOS</b>	<b>DESTACAMOS</b>	<b>A MELLORAR</b>	<b>PROPOSTAS</b>
Cumprimento da temporalización			
programada			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Consecución dos mínimos esixibles por parte do alumnado			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
<b>Recursos</b>			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
interdisciplinariade			

# Programación 6º de Educación Infantil

## INDICE:

OBXETIVOS XERAIS	4
1º TRIMESTRE	4
2º TRIMESTRE	8
3º TRIMESTRE	11
FOMENTO DAS TICS	16
MATERIAIS CURRICULARES	
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN DA P.D EN FUNCIÓN DOS RESULTADO ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	17

## **OBXECTIVOS XERAIS:**

- Descubrir e coñece-lo propio corpo, regalo de Deus, promovendo o desenvolvemento das súas posibilidades.
- Observar as manifestacións do entorno familiar e social que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade relixiosa á que pertence.
- Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que lle permitan ó neno promover valores e actitudes básicas de respecto, confianza e lelicia.
- Expresar e celebra-las tradicións, festas máis importantes, exercitando as súas habilidades motrices, para relacionarse cos demais e acceder á oración, cantos e o sentido das festas relixiosas.
- Favorecer actividades que promovan a participación, cooperación e xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade.
- Descubrir que os cristiáns lle chaman Creador de tódalas cousas a Deus Pai, que nos quere e perdoo sempre.
- Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e nos quere.
- Descubrir que María é a nai de Xesús e tamén de tódolos cristiáns, que forman unha gran familia.
- Respetar-las cousas e persoas do seu entorno, coidalas e preocuparse por elas, como Xesús fixo e ensínanos a facer.

## **1º TRIMESTRE**

### **Competencias**

#### ***Comunicación lingüística***

- Relatar vivencias persoais.
- Achegarse ás linguaxes bíblica, litúrxica e testemuñal propias da Relixión Católica.
- Expresar de forma clara e coherente feitos da vida de Xesús e da vida dos cristiáns.



- Comprender a información visual de escenas ilustradas sobre a vida de Xesús e a dos cristiáns.
- Memorizar e recitar poesías e cancións de contido relixioso en lingua propia.

### ***Matemática***

- Utilizar cuantificadores temporais e espaciais no referente á vida dos cristiáns.
- Coñecemento e interacción co mundo que lle rodea
- Valorar, coidar e admirar a natureza como creación de Deus.
- Adquirir hábitos preventivos de saúde para coidar o corpo, agasallo de Deus.

### ***Social e cidadá***

- Aceptar as normas que rexen os xogos.
- Aprender a mellorar a súa relación persoal coas persoas adultas e coas súas iguais.
- Desenvolver valores sociais de participación, solidariedade e cooperación.
- Achegarse ao valor do perdón e o servizo como expresión do amor de Deus.

### ***Cultural e artística***

- Utilizar os materiais de forma creativa para as producións plásticas.
- Interpretar cancións e representacións dramáticas de contido relixioso.
- Apreciar o valor cultural da literatura a través da escoita, a comprensión e a dramatización de relatos bíblicos.

### ***Aprender a aprender***

- Utilizar a observación para descubrir elementos relixiosos da contorna.
- Relacionar informacións novas con coñecementos previos e coa propia experiencia persoal para abrirse á transcendencia.
- Ilusionarse por ir descubrindo a mensaxe de Xesús.

### ***Autonomía e iniciativa persoal***

- Coñecer e valorar o seu propio corpo e as súas posibilidades, como agasallo de Deus.
- Coñecerse e formarse desde dentro.
- Iniciarse na formación dunha personalidade baseada en valores evanxélicos.

- Fortalecer a propia autonomía para analizar, valorar e decidir desde a confianza en si mesmo e o respecto ás demais persoas.

### **Obxectivos**

- Coñecer o propio corpo, regalo de Deus, promovendo a confianza e o desenvolvemento das súas posibilidades persoais.
- Mostrar interese por coidar o propio corpo.
- Respetar as persoas e os elementos da súa contorna, coidalos e preocuparse por eles.
- Mostrar interese e agradecemento polas ensinanzas das persoas que coidan de nós.
- Saber expresar os propios sentimentos e comprender os sentimentos alleos.
- Adquirir actitudes cristiás no seu comportamento social: a escoita e a comprensión.
- Expresar o amor de Deus co perdón, a xenerosidade e a cooperación.
- Participar nas manifestacións da contorna familiar e social que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade á que pertence.
- Descubrir a *Biblia*, o libro santo dos cristiáns.
- Coñecer o relato bíblico da Anunciación.
- Observar e participar nas manifestacións do ámbito familiar e social que expresan a vivencia da fe católica: a misa do galo.
- Coñecer obxectos con significado relixioso: a coroa de Advento.
- Coñecer o sentido relixioso do Nadal.
- Coñecer feitos relacionados coa vida de Xesús: a adoración dos Reis Magos.
- Coñecer símbolos de tradición cristiá: a estrela de Nadal.

### **Contidos**

- A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá.
- Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde, regalo de Deus: as atencións e as aprendizaxes recibidas das persoas que nos queren.
- O diálogo con Deus: a oración do cristián. O Noso pai.
- Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno/a.

- *A Biblia*, o libro santo dos cristiáns.
- Feitos relevantes da vida de Xesús: a Anunciación, o nacemento e a adoración dos pastores e dos Reis Magos.
- A festa e a mensaxe do Nadal.
- Símbolos de tradición cristiá: a estrela de Nadal e a coroa de Advento.
- O canto como expresión relixiosa de loanza, alegría e gratitude.
- Expresión do agradecemento ás persoas que os queren e coidan deles.
- A manifestación do amor cristián en xestos concretos: compartir, comprender sentimentos propios e alleos, perdoar e ser perdoados.
- Discriminación de accións construtivas e destrutivas na relación cos demais.
- Resolución de conflitos mediante o diálogo.
- Comprensión de textos importantes que se refiren a Xesús.
- Realización de traballos manuais para lles regalar aos demais.
- Memorización e recitación de oracións.
- Recoñecemento e participación nas principais tradicións cristiás: o Advento e o Nadal.
- Participación no canto de panxoliñas.
- Valoración e agradecemento polo amor e as ensinanzas recibidas dos maiores.
- Alegría por compartir experiencias e sentirse membro dunha comunidade.
- Satisfacción por aprender feitos relacionados coa vida de Xesús.
- Interese e alegría por participar nas tradicións cristiás.

### **Ensinanzas transversais**

- Educación para a saúde: Interese por coidar o propio corpo. Adquisición de hábitos saudables de hixiene e alimentación.
- Educación para a paz: Adquisición de actitudes baseadas no perdón e a reconciliación nas relacións persoais.

### **Actividades de avaliación**

- Explicar por que é importante coidar o propio corpo.

- Nomear dúas persoas que o coidan.
- Nomear algunhas accións para que un amigo se sinta ben.
- Dicir como se pode pedir perdón e perdoar a un amigo.
- Explicar que é o Nosopai.
- Explicar que noticia lle deu o anxo Gabriel a María na Anunciación.
- Nomear o elemento tradicional durante o Advento.
- Nomear algúns personaxes que aparecen no belén.
- Explicar o significado da estrela de Nadal.

## **2º TRIMESTRE**

### **Competencias**

#### ***Comunicación lingüística***

- Comprender relatos próximos á súa experiencia persoal.
- Expresar de forma clara e coherente feitos da vida de Xesús e da vida dos cristiáns.
- Memorizar e recitar poesías, oracións e cancións de contido relixioso en lingua propia.
- Describir obxectos e situacións do ámbito relixioso católico.
- Comprender o contido dun relato bíblico contado.
- Comprender a información visual de escenas ilustradas sobre a vida de Xesús e a dos cristiáns.
- Achegarse á linguaxe simbólica relixioso propio da súa idade.

#### ***Coñecemento e interacción co mundo que o rodea***

- Situar-se no tempo respecto aos días festivos e ao ciclo litúrxico.
- Valorar, coidar e admirar a natureza como creación de Deus.

#### ***Social e cidadá***

- Desenvolver a iniciativa persoal polo ben e pola verdade.
- Expresar as propias ideas en distintos contextos e escoitar as alleas, respectando o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio.
- Achegarse ao valor da fraternidade universal, a misericordia, a xustiza e o servizo como expresión do amor de Deus.

#### ***Cultural e artística***

- Coñecer e apreciar o feito relixioso como parte do patrimonio cultural dos pobos.
- Utilizar os materiais de forma creativa para as producións plásticas.
- Interpretar cancións e representacións dramáticas de contido relixioso.
- Apreciar o valor cultural da literatura a través da escoita, a comprensión e a dramatización de relatos bíblicos.

### ***Aprender a aprender***

- Adquirir un sentimento de competencia persoal que favoreza a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Participar de forma activa e responsable nos traballos de equipo.
- Relacionar informacións novos con coñecementos previos e coa propia experiencia persoal para abrirse á transcendencia.
- Ilusionarse por ir descubrindo a mensaxe de Xesús.

### ***Autonomía e iniciativa persoal***

- Coñecerse e formarse desde dentro.
- Iniciarse na formación dunha personalidade baseada en valores evanxélicos.

## **Obxectivos**

- Darlle as grazas a Deus por todos os regalos recibidos no Nadal.
- Desenvolver o gusto por compartir cos demais.
- Aprender a xogar cos amigos segundo o modelo cristián.
- Descubrir que todos somos fillos de Deus.
- Observar relatos relixiosos cristiáns para desenvolver os valores e as actitudes básicas de respecto, alegría e admiración.
- Aprender a admirar a beleza da paisaxe natural creada por Deus.
- Darlle as grazas a Deus pola obra creada.
- Colaborar no coidado e uso da natureza.
- Comprender que Deus nos ama e nos salva.
- Coñecer e comprender relatos bíblicos: a arca de Noé, o bo samaritano, entrada triunfal de Xesús en Xerusalén, a Última Cea cos apóstolos e a morte de Xesús.
- Descubrir o significado da pomba branca.

- Descubrir que Deus é amigo de todos e nos quere.
- Sentirse invitado a ser amigo e amiga de Xesús.
- Coñecer as ensinanzas de Xesús.
- Adquirir actitudes humanas e cristiás.
- Coñecer que Xesús nos quere e que morreu por nós.
- Celebrar tradicións cristiás: a Pascua.
- Descubrir que Xesús morreu por nós e resucitou para estar con nós.

### **Contidos**

- A Creación, obra de Deus e regalo aos seus fillos.
- O amor e a salvación de Deus.
- Relatos bíblicos: a Creación, a arca de Noé, Xesús escolle os doce apóstolos, o bo samaritano, a entrada triunfal de Xesús en Xerusalén, a Última Cea e a morte de Xesús.
- As ensinanzas de Xesús: Deus quere que nos amemos como El nos ama.
- Símbolos cristiáns: a pomba branca coa rama de oliveira no peteiro, o pan e o viño, a luz.
- Principais tradicións cristiás: a Pascua e a bendición dos ramos.
- O canto como expresión cristiá de loanza, alegría e gratitude.
- Colaboración no coidado e uso respectuoso da natureza e das cousas.
- escoita e comprensión do relato bíblico da Creación e a arca de Noé.
- Comprensión de pasaxes bíblicas sobre a vida de Xesús.
- Discriminación de actitudes construtivas e destrutivas co medio natural e social.
- Manifestación do amor cristián en xestos concretos: amar e coidar o próximo.
- Identificación de vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno/a.
- Elaboración de manualidades para felicitar a Pascua.
- Recoñecemento e participación nas principais festas da tradición cristiá.
- Participación no canto como expresión de fe relixiosa.

- Satisfacción por compartir bens e experiencias coas persoas da súa beira.
- Gratitude e admiración pola Creación.
- Admiración e coidado do libro que contén a Palabra de Deus.
- Actitude de coidado, colaboración e respecto pola natureza.
- Valoración e agradecemento polo amor e as ensinanzas recibidas dos maiores.
- Interese e alegría por coñecer e participar nas tradicións cristiás.

### **Ensinanzas transversais**

- Educación do consumidor: Gratitude polos agasallos recibidos no Nadal.
- Educación ambiental: Interese por respectar a natureza e todas as obras da Creación, agasallo de Deus ao home e á muller. Actitude de colaboración para respectar, manter e mellorar o medio natural.
- Educación para a paz: Análise de posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, perdón, aceptación, colaboración...

### **Actividades de avaliación**

- Explicar como se pode xogar cos amigos segundo o modelo cristián.
- Nomear o libro que contén a palabra de Deus.
- Dicir o nome de tres elementos creados por Deus.
- Dicir o nome de dúas accións que serven para coidar e respectar a natureza.
- Explicar o relato da arca de Noé.
- Explicar que se celebra coa bendición dos ramos.
- Nomear os dous símbolos que aparecen na pasaxe da Última Cea.
- Explicar como se celebra a Pascua.

## **3º TRIMESTRE**

### **Competencias**

#### ***Comunicación lingüística***

- Relatar vivencias persoais.

- Comprender relatos próximos á súa experiencia persoal.
- Describir obxectos e situacións do ámbito relixioso católico.
- Memorizar e recitar oracións e cancións de contido relixioso en lingua propia.
- Achegarse ás linguaxes litúrxica e testemuñal propias da Relixión Católica.
- Comprender o contido dun relato bíblico contado.
- Comprender a información visual de escenas ilustradas sobre a vida de Xesús e a dos cristiáns.
- Interpretar a mensaxe feitos de Xesús.
- Achegarse á linguaxe simbólica relixiosa propio da súa idade.

### ***Matemática***

- Utilizar cuantificadores temporais e espaciais no referente á vida dos cristiáns.

### ***Coñecemento e interacción co mundo que o rodea***

- Situar no tempo respecto aos días festivos e as estacións meteorolóxicas.
- Identificar elementos relixiosos da contorna inmediata.
- Identificar manifestacións culturais e artísticas propias da Relixión Católica.
- Valorar, coidar e admirar a natureza como creación de Deus.

### ***Tratamento da información e competencia dixital***

- Mostrar interese e curiosidade pola linguaxe audiovisual.

### ***Social e cidadá***

- Aceptar as normas que rexen os xogos.
- Aprender a mellorar a súa relación persoal coas persoas adultas e coas súas iguais.
- Participar na vida familiar e escolar con actitudes de servizo, compartir e colaboración.
- Expresar as propias ideas en distintos contextos e escoitar as alleas, respectando o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio.
- Achegarse ao valor da misericordia e a xenerosidade como expresión do amor de Deus.

### ***Cultural e artística***

- Coñecer e valorar algúns exemplos da presenza do feito relixioso da súa contorna na súa expresión artística.
- Comprender e representar imaxes con distintos materiais plásticos.



- Utilizar os materiais de forma creativa para as producións plásticas.
- Interpretar cancións e representacións dramáticas de contido relixioso.
- Apreciar o valor cultural da literatura a través da escoita, a comprensión e a dramatización de relatos bíblicos.

### ***Aprender a aprender***

- Adquirir un sentimento de competencia persoal que favoreza a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Participar de forma activa e responsable nos traballos de equipo.
- Relacionar informacións novos con coñecementos previos e coa propia experiencia persoal para abrirse á transcendencia.
- Ilusionarse por ir descubrindo a mensaxe de Xesús.

### ***Autonomía e iniciativa persoal***

- Coñecerse e formarse desde dentro.
- Recoñecer os sentimentos de alegría e tristura nun mesmo e nos demais.
- Iniciarse na formación dunha personalidade baseada en valores evanxélicos: compartir, ser xeneroso, axudar e mostrar empatía.
- Colaborar cos demais para a consecución de obxectivos comúns.
- Fortalecer a propia autonomía para analizar, valorar e decidir desde a confianza en si mesmo e o respecto ás demais persoas.
- Adquirir habilidades para o diálogo e a cooperación.

## **Obxectivos**

- Respectar as persoas e cousas da contorna, coidalas e preocuparse por elas.
- Comprender a vida familiar e as relacións cos demais segundo o plano de Deus.
- Coñecer que somos fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa.
- Valorar o domingo como festa do Señor resucitado.
- Recoñecer símbolos, imaxes e edificios relixiosos próximos.
- Recordar que os cristiáns lle din Creador de todas as cousas a Deus Pai.
- Percibir a beleza da natureza e adquirir actitudes de coidado e respecto por ela.

- Descubrir que a Virxe María é a Nai de Xesús e tamén a Nai de todos os cristiáns, que forman unha gran familia.
- Coñecer a vida de María.
- Comprender e memorizar unha oración: Ave María.
- Percibir a familia como lugar de experiencia cristiá.
- Coñecer a función dalgúns símbolos relixiosos: a auga e o cirio.
- Expresar o amor a Deus.
- Manifestar o amor cristián en xestos concretos: compartir bens.
- Coidar as persoas da contorna, preocuparse por elas e axudalas, como Xesús fixo e nos ensinou a facer.
- Celebrar con ilusión a festa de final de curso.
- Expresar sentimentos de afecto aos mestres e compañeiros.
- Participar e cooperar na preparación da festa de final de curso.
- Aceptar e respectar as normas que rexen algúns xogos.

### **Contidos**

- A familia e a igrexa, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá.
- Símbolos, imaxes e edificios relixiosos próximos.
- O domingo como festa do Señor resucitado.
- A natureza, obra e regalo de Deus, Pai Creador de todas as cousas.
- A Virxe María: Nai de Xesús e de todos os cristiáns.
- A vida de María.
- Textos importantes que se refiren a María: Ave María.
- Milagres de Xesús: a multiplicación dos pans e os peixes.
- A luz de Xesús.
- A auga do Bautismo como renovación da vida cristiá.
- Participación nas actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais segundo o plano de Deus.
- Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha gran familia, a Igrexa.

- A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá: o Bautismo.
- Realización de actividades que promoven a xenerosidade como medio de expresar amor a Deus e a fraternidade.
- Manifestación do amor cristián en xestos concretos: compartir bens, axudar os compañeiros.
- Expresión de sentimentos de afecto aos mestres e compañeiros.
- Comprensión de textos importantes que se refiren a Xesús e María.
- Memorización e recitación de oracións.
- Realización de manualidades para compartir cos demais.
- Actitudes de coidado e respecto pola natureza.
- Interese por coñecer feitos relacionados coa vida de Xesús e María.
- Alegría por formar parte dunha gran familia, a Igrexa.
- Participación e cooperación na preparación da festa de final de curso.

### ***Ensinanzas transversais***

- Educación moral e cívica: Aceptación e respecto polas normas que rexen algúns xogos.
- Educación para a paz: Actitude de respecto e cariño aos amigos, os compañeiros da escola e as persoas da contorna.
- Educación ambiental: Descubrimento global da contorna como elemento imprescindible para a vida. Actitude de colaboración para respectar, manter e mellorar o medio natural.

### **Actividades de avaliación**

- Dicir o nome dos símbolos e imaxes relixiosas que hai na igrexa.
- Nomear dúas actitudes de coidado e respecto pola natureza.
- Explicar como é a imaxe da Virxe María.
- Rezar a oración Ave María.
- Debuxar os símbolos cristiáns que aparecen no Bautismo.
- Nomear cousas que se poden compartir cos demais.
- Nomear dúas accións que significan ser bos amigos.

## **FOMENTO DAS TIC**

Escoita de cd audio de cancións e contos.

Cd-Room interactivos (Historias de la Biblia, La Biblia para niños, La Biblia contada a los niños...)

Dvd (colección El evangelio para peques, El arca de Noé, Una historia de Pascua, El príncipe de Egipto, La casita sobre la roca...)

## **MATERIAIS CURRICULARES**

Fichas elaboradas

Material fotocopiabile

## **MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

Debido ao carácter interrelacional do proceso de ensino-aprendizaxe, o profesor de Relixión Católica tamén deberá revisar continuamente a súa labor docente na medida que os resultados acadados non respondan ás previsións. A avaliación, polo tanto, afecta a todos os implicados no proceso educativo no cal se dan relacións humanas recíprocas que serán máis enriquecedoras na medida en que todos os suxeitos aporten o mellor de si mesmos.

O profesor avaliará os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos do currículo, e tamén en relación ás necesidades educativas do centro e ás características específicas dos alumnos/as.

Os resultados da avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as e do proceso de ensinanza, servirán para modificar aqueles aspectos da programación educativa que se detectaron como pouco axeitados ás características dos alumnos/as e ao contexto do centro.

Para levar a cabo o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica, así como o seu rendemento e a súa posterior revisión e adaptación caso de seren detectados desaxustes, a profesora de Relixión empregará as seguintes ferramentas e procedementos na medida que se revelen necesarios:

- Enquisas de autoavaliación do profesorado.
- Guías de análise
- Enquisas ao alumnado
- Reunións do departamento

<b>CUESTIÓNS</b>	<b>SI/NON</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>
Acadáronse os obxectivos previstos? En que porcentaxe?			
Fíxose algún cambio nos contidos?			
Variouse nalgún aspecto a metodoloxía?			
Axustouse ben ó tempo?			
Utilizamos todos os recursos previstos?			
Cales actividades e recursos deron mellor resultado?			
Efectuouse algunha modificación na avaliación?			
Estivo motivado e implicado o alumnado en xeral?			
Cales foron os maiores intereses do alumnado?			
É aconsellable introducir algún cambio?			

<b>ASPECTOS</b>	<b>DESTACAMOS</b>	<b>A MELLORAR</b>	<b>PROPOSTAS</b>
Cumprimento da temporalización			
Programada			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Consecución dos mínimos esixibles por parte do alumnado			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
<b>Recursos</b>			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
interdisciplinabilidade			